

# a palabra Xusta

unha casa unha paisaxe  
unha muller unha mestra  
Tita

*“Democracia era unha palabra maldita...  
e pensar que na escola se fabricaban os demócratas!”*

Antía Cal, Tita, crea unha escola diferente  
en Vigo en 1961: a escola Rosalía de Castro.



COA COLABORACIÓN ESPECIAL DE **JAVIER GUTIÉRREZ · REBECA MONTERO** MÚSICA ORIGINAL **NANI GARCÍA** DIRECTOR DE FOTOGRAFÍA **ALFREDO PÉREZ**

DIRECTORA DE PRODUCCIÓN **ANA BOUZAS** PRODUCCIÓN EXECUTIVA **MIGUEL PIÑEIRO · CARMÉ VARELA · FERNANDO ALFONSÍN**


UN DOCUMENTAL DIRIXIDO POR **MIGUEL PIÑEIRO**

UNHA PRODUCCIÓN DE ATLANTIS MULTIMEDIA S.L.



a palabra  
Xusta

Un documental de  
MIGUEL PIÑEIRO



*“A palabra xusta, un traballo  
delicado e preciosista”*

Pilar Álvarez. El País

**“A PALABRA XUSTA”  
150.000 VISIONADOS  
EN 48 HORAS EN ELPAIS.COM  
GRAZAS!!!**

Queremos chegar máis lonxe coa túa axuda. Para proxectalo  
en escolas, concellos, universidades... contacta con  
[produccion@atlantis-multimedia.com](mailto:produccion@atlantis-multimedia.com)

## A palabra xusta

**A palabra xusta** é un xogo inventado por unha profesora para os seus alumnos. Ao rematar a clase cada neno ten que escribir nun pequeno papel e da forma máis sintética o que aprendeu na clase do día. Se fose posible nunha soa palabra. As respostas póñense na parede e entre todos elixen a mellor: **A palabra xusta**.

Esa profesora chámase Anría Cal Vázquez – Tita, para os seus alumnos-, hoxe ten 92 lúcidos anos e dende a distancia mira aquel tempo no que fundou un colexio e puxo en marcha unha das máis singulares experiencias pedagóxicas da súa contorna.



*“Sensibilidade, compromiso e intelixencia.  
A palabra xusta dunha gran mestra”.*

**Ángel Gabilondo.**  
Catedrático de Filosofía.  
Universidade Autónoma de Madrid.

Ante a cámara Tita va debullando os seus recordos, os seus pensamentos, a súas emocións. Antía Cal busca para nós **A palabra xusta** para contarnos as súas orixes, a súa infancia, o espertar da súa vocación, o desexo de saber, a súa pelexa para poder estudar, o seu encontro cunha universidade ancorada no pasado, a chegada do grande amor da súa vida, a fundación dunha escola que rompía co establecido... Todo canto a conformou como muller, como mestra e como pedagoga.

Con **A palabra xusta** achegámonos a unha muller singular que fundou o Colexio Rosalía de Castro en Vigo en 1961 e cuxa obra perdurou nos seus alumnos ata hoxe.



*“Unha historia que segue o percorrido vital da mestra Antía Cal. Unha traxectoria que encheu de admiración e de emoción a sala do cine. Quen se move no mundo da educación, quen anda na busca dunha educación igualitaria, quen quere que se recoñeza o lugar que as mulleres ocupamos no mundo, non debería deixar de ver A palabra xusta”.*

**Aurora Marco.**

Catedrática na Facultade de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago.

**A palabra xusta** lévanos polas estancias dunha **casa parada no tempo** que desvela ao espectador unha vida tan silenciosa como fructífera. Esa casa é o principio e é tamén a metáfora.

**A palabra xusta** transita polas **paisaxes do Alto Eume**. A severidade da paisaxe, os seus camiños, os seus bosques, a pegada do home sobre o territorio son obxecto dunha narración visual tan poética como veraz.



*“No cine adoro as superproduccións. Moitos escenarios, personaxes de países diferentes, grandes propósitos, historias de amor, magnífica fotografía. A palabra xusta ten todos os ingredientes das superproduccións. A superproducción máis barata da historia do cine”.*

**Quico Cadaval.**  
Autor e director teatral.



**A palabra xusta** é unha viaxe a través da **memoria das cousas**. Os obxectos que enchen os caixóns e os armarios son a memoria sensorial que achega ao espectador a un tempo xa pasado.

**A palabra xusta** son o pesponto emocional e poético das **cartas que Antón Beiras** escribiu a Tita antes de casar: unha historia de amor que uniría a dous fanáticos do progreso, a evolución científica e a liberdade. A dous namorados de canto hai de humano nas persoas.



*“Sen unha soa concesión á tristura inútil ou á derrota, cun tratamento da imaxe que se achega máis á linguaxe cinematográfica que á do documental e que atrapan ao espectador dende o primeiro momento, xerando en nós unha resposta emocional, que se instala no hipotálamo para sempre”.*

**Ánxela Gracián.**  
Escritora.

**A palabra xusta** é a mirada de Miguel Piñeiro -o seu director- sobre o mapa de sulcos que a vida deixou na **pel de Tita**. Esas pegadas na súa pel, envoltas na beleza e a humildade da montaña e a casa, cóllennos da man para facer unha viaxe que transita polos lindeiros do tempo e do espazo.



# Breve Biografía de Antía Cal

- 1923.** Nace en La Habana o 18 de abril.
- 1932.** Regresa coa súa familia a Galicia.
- 1940-1945.** Estudia Comercio, Maxisterio e Filosofía e Letras na Universidade Compostelana.
- 1947.** Casa co oftalmólogo Antón Beiras, especialista en estrabismo.
- 1954.** Escribe unha enciclopedia para nenos en galego que merece un premio en Caracas e que nunca chega a editarse.
- 1959 CA.** Escribe un libro de arte tamén en galego para alumnos de primaria que permanece inédito.
- 1961.** Nunha garaxe de Vigo abre as portas do que se había converter nun referente de renovación pedagóxica: a Escola Rosalía de Castro.
- 1962.** O colexio instálase xa na que será a súa sede da rúa Gran Vía de Vigo.
- 1968.** Morre o seu home.
- 1969.** Asiste por primeira vez ás clases da Escola de Estiu Rosa Sensat onde tece unha amizade e unha colaboración que a unen a Marta Mata e Pilar Benejam.
- 1976.** O número de alumnos aumenta moito e o colexio ten que abandonar a súa sede da rúa Gran Vía para pasar ás instalacións que aínda ocupa hoxe. Unha cooperativa de pais merca o colexio e faise cargo da xestión.
- 1988.** Xubilase.
- 2006.** Publícase o libro das súas memorias “Este camiño que fixemos xuntos”.

## Premios e distincións

- 1989.** A Consellería de Educación da Xunta de Galicia dálle o seu nome ao Colexio Rural Agrupado de Gondomar (Pontevedra).
- 1994.** Recibe o recoñecemento de Galega Destacada do Colectivo Diálogos 90.
- 2000.** Recibe unha homenaxe na Facultade de Ciencias da Educación de Santiago de Compostela.
- 2004.** Premio Pedrón de Ouro (Padrón, A Coruña).
- 2011.** O Concello de Vigo concédelle o Premio Viguessa Distinguida e dedícalle unha rúa no barrio de Lavadores.
- 2011.** Premio Chairega de Honra (Vilalba, Lugo).
- 2012.** Premio Trasalba. Fundación Otero Pedrayo (Amoeiro, Ourense).
- 2016.** A Consellería de Educación da Xunta de Galicia dálle o seu nome ao Colexio de Muras (Lugo) a petición de pais, veciños e corporación municipal.
- 2016.** O concello de Muras (Lugo) nomea filla adoptiva.

Máis info sobre Antía Cal: [https://es.wikipedia.org/wiki/Antía\\_Cal](https://es.wikipedia.org/wiki/Antía_Cal) 



## A outra voz de A palabra xusta

### **Antón Beiras García.**


En paralelo ao discurso de Antía Cal escoitamos a voz de Antón Beiras, o seu home a través das cartas que se escribiron no seu noivado.

Son cartas cargadas de lirismo e onde se adiviña o talante e o talento dun home singular. Nesas cartas está xa o médico que empezaba unha prometedora carreira de investigador en oftalmoloxía e máis concretamente en estraboloxía. Tamén o home preocupado polos máis desfavorecidos e polo mundo que o rodea.

**Máis info** sobre Antón Beiras:

[https://es.wikipedia.org/wiki/Antonio\\_Beiras\\_García](https://es.wikipedia.org/wiki/Antonio_Beiras_García) 







# Algunhas referencias en medios de comunicación a A palabra xusta

A rodaxe e a estrea da película espertou moito interés na prensa. Nestes links pódense consultar varios exemplos:

## EL PAÍS

Portada de El País do 8 de Marzo de 2017 

Una palabra para Tita 

Una palabra para Tita (vídeo) 

EL PAÍS estrena el documental 'La palabra justa' en el Día de la Mujer 

## PRAZA.GAL

"Coa historia de Tita era moi fácil montar un panfeto, pero nós queriamos plasmar a esencia dela". 

## CRTVG

ZigZag Diario: "Tita, o documental" de Miguel Piñeiro. 

Antía Cal, protagonista do documental de Miguel Piñeiro "Tita, a palabra xusta" 


Miguel Piñeiro, director de 'Tita, a palabra xusta' 

## RADIO GALEGA

Miguel Piñeiro dirixe 'A palabra xusta' 


## LA VOZ DE GALICIA


«A palabra xusta» cuenta la historia de Antía Cal 

«Antía Cal se soltó y se dejó llevar» 

La gran aventura pedagógica de Antía Cal es de cine 

## FARO DE VIGO

Antía Cal: "Los niños me lo dieron todo" 

Tita, la maestra de la palabra justa 

Estreno del documental "A palabra xusta" 

## ATLÁNTICO DIARIO

'A palabra xusta', 80 minutos para definir o legado de Antía Cal 

## LA REGIÓN

Tita, o belo relato dunha vida adicada á ensinanza 

## SERMOSGALIZA.GAL

Estréase en Vigo un documental sobre Antía Cal 

MARCA CASTILLO



# Ficha técnica

**Título:** A palabra xusta.

**Dirección:** Miguel Piñeiro

**País:** España

**Ano:** 2016

**Duración:** 74'

**Xénero:** Película documental.

**Clasificación:** Apta para todos os públicos e distintivo Especialmente recomendada para o fomento da igualdade de xénero.

**Depósito Legal:** C 2211 – 2016

**Antía Cal Vázquez** é Tita

**Javier Gutiérrez** é a voz de Antón Beiras

**Rebeca Montero** é a voz da memoria

**Un Documental Dirixido por** Miguel Piñeiro

**Música Orixinal** Nani García

**Director de Fotografía** Alfredo Pérez Sánchez

**Directora de Producción** Ana Bouzas Sierra

**Producción Executiva** Miguel Piñeiro  
Carme Varela  
Fernando Alfonsín

**Axudante de dirección** Minia Irene Rey Román

**Producción** Nati Juncal Portas  
Carme Varela Rodríguez  
Manuel Iglesia Fernández

**Operadores de cámara** Alfredo Pérez Sánchez  
Lucía Catoira

**Técnico de imaxe dixital** Víctor Vigo

**Son directo**

Xavier López Souto

**Maquillaxe e perruquería** Fina Arias Villajo

**Montaxe** Clara García Nieto

**Postproducción** Fernando Alfonsín

**Colorista** Fernando Alfonsín

**Deseño sonoro e mesturas** Amín Alí Gago / Wildtrack

**Estudos gravación son** Wildtrack / Area 5

**Deseño gráfico** Manuel Iglesia Fernández

**Deseño gráfico redes sociais** Rocío Cibes  
Pablo Vilar Pequeño

**Música** Nani García

**Músicos en "Señor que chora"**

**Piano** Rupert Twine

**Violín** Gabor Szabo

**Músicos en restantes temas**

**Piano** Nani García

**Violín** Eduardo Coma

**Gravado en** Estudios Bruar

**Técnico de son** Javier Ferreiro

**Afinador piano** Tigran Poghosian

**Material de cámara** Ovide Maudet SL  
Pixel Films SC  
Óscar López Corral

**Material de iluminación** Trípede  
Electricidad Moncho y Santomé

**Grupo electrógeno** Trípede  
RTA Recursos Técnicos Artísticos  
Siumira As Pontes SL

**Asesoría fiscal** DMS

**Asesoría laboral** Fisela

